

BASES DA CONVOCATORIA DO VIII CONCURSO PARA O DESEÑO DO CARTEL DO DÍA 8 DE MARZO 2025 "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER"

Con motivo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional convocan un concurso de carteis:

OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto do concurso é fomentar a promoción da igualdade dentro dos centros educativos de Galicia, a través dunha expresión artística que visibilice a contribución das mulleres nos distintos ámbitos e promova a reflexión sobre os estereotipos de xénero, as causas e a orixe da discriminación de xénero, así como o camiño que as mulleres tiveron que percorrer para ver recoñecidos os seus dereitos.

A imaxe gráfica que resulte gañadora en cada categoría poderá ser utilizada pola Xunta de Galicia na conmemoración do Día Internacional da Muller, día 8 e Marzo, así como para outras accións de sensibilización e de promoción da igualdade.

BASES DO CONCURSO

1. Participantes

1.1 Poderá participar no concurso calquera centro educativo de ensino non universitario que imparta ensinanzas de infantil, primaria, ESO, bacharelato e formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2 En canto á participación do alumnado, os carteis poderán realizarse individualmente ou en grupo, a través de equipos constituídos por unha ou un docente do centro e por un máximo de 8 alumnos e alumnas. Coa finalidade de promover o traballo colaborativo, valorarase que a elaboración do cartel forme parte dun traballo global. Procurarase que no alumnado participante exista unha representación equilibrada de nenos e nenas/mozos e mozas.

1.3 En canto á participación do profesorado, os traballos de deseño e elaboración do cartel deberán estar titorizados por unha ou un docente do centro, que guiará ao alumnado participante e procurará a finalidade educativa da actividade.



2. Categorías

2.1 Establécense as seguintes categorías de participación:

- 1ª Categoría.- Alumnado de infantil , 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria.
- 2ª Categoría.- Alumnado 5º e 6º de educación primaria, de 1º, 2º de educación secundaria obrigatoria (ESO) e de educación especial.
- 3ª Categoría.- Alumnado de 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (ESO) e 1º e 2º de bacharelato, de FP básica, de ciclos de grao medio e de ciclos de grao superior.

2.2 Cada centro educativo poderá presentar só un traballo en cada categoría. Os centros que impartan distintas etapas educativas poderán participar en varias, sempre e cando propoñan un único traballo por categoría.

3. Temática, características técnicas e requisitos dos traballos.

3.1 O contido do cartel deberá difundir e transmitir unha mensaxe positiva sobre a participación activa das mulleres na sociedade, promovendo a igualdade entre mulleres e homes.

3.2 A técnica e o estilo dos traballos serán libres, debendo respectar as seguintes características:

- a) Os carteis realizaranse en formato horizontal ou vertical, coas medidas DIN A3 (42 por 29,7 cm).
- b) O cartel estará dispoñible en formato papel e en formato electrónico, coa extensión JPG ou PDF.

3.3 O cartel deberá incluír obrigatoriamente a frase *"8 de marzo. Día Internacional da Muller"*, así como un lema en galego relacionado co fomento da igualdade de xénero, contra os estereotipos e contra a discriminación cara as mulleres.

3.4 Os traballos deberán presentarse en lingua galega e coidarán a calidade lingüística do produto final.

3.5 As composicións e os lemas, así como todo o traballo no seu conxunto, deberán ser orixinais e inéditos, non poderán incluír imaxes con dereitos de autoría e non poderán empregar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais ou persoas recoñecidas no ámbito público.



3.6 Os carteis non poderán incluír en ningún caso o nome do/da autor/a, o nome do profesorado que o titorizou nin o nome do centro educativo, así como calquera outra referencia que permita identificar a súa autoría, sen prexuízo que posteriormente ao fallo do xurado se poidan incluír os títulos de crédito que se consideren.

3.7 Os traballos que non cumpran as características técnicas e os requisitos previstos nestas bases quedarán excluídos do concurso. Tampouco serán tidos en conta aqueles carteis cuxo tema non sexa o sinalado nestas bases ou que non fosen realizados baixo a titorización do profesorado do centro educativo.

4. Prazo de presentación

4.1 Os centros que desexen participar neste concurso poderán facelo dende o día seguinte ao de publicación das bases nas páxinas web de Igualdade e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ata o día **20 de febreiro de 2025, ás 15:00 horas**.

5. Forma de envío dos traballos

5.1. O cartel deberá enviarse á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade obrigatoriamente antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes tanto en formato papel como en formato electrónico. Non serán admitidos os traballos que sexan recibidos con posterioridade a esa data e hora.

5.2 En ambos tipos de presentación debe incluírse o traballo realizado e unha ficha técnica, recollida como **Anexo I** a estas bases, coa seguinte información:

- Categoría na que participa
- Nome e apelidos do alumnado autor
- Etapas educativa e curso escolar
- Docente que titorizou a obra
- Nome do centro, enderezo completo, teléfono e correo electrónico
- Persoa de contacto, teléfono e correo electrónico
- Memoria breve, na que figure o lema do traballo, se explique como se realizou e, o máis importante, na que se expoña o significado que se procura transmitir a través da composición realizada (máx. 1000 palabras).

5.3 Os carteis en formato papel e o Anexo I deberán remitirse por correo postal en sobre pechado ao seguinte enderezo: Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, Edificio administrativo San Lázaro s/n - 15781 Santiago de Compostela, facendo constar no sobre **"VIII Concurso de carteis 8 de marzo"**.



5.4 Os carteis en formato electrónico (reproducción do cartel en formato PDF ou JPG) e o Anexo I, enviaranse ao seguinte enderezo electrónico: concurso8m.igualdade@xunta.gal. Esta forma de envío non exime aos centros de entregar os traballos por correo postal, tal e como se indica no apartado 5.3.

6. Criterios de valoración

Para a selección dos traballos gañadores en cada categoría teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

- a) A transmisión dunha mensaxe clara sobre a promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de rexeitamento aos estereotipos de xénero e contra a invisibilización das mulleres na sociedade. Pode abordar tamén actitudes ou condutas positivas que amosen que a igualdade é imprescindible e irrenunciable, ou o rexeitamento social ás desigualdades e ás discriminacións das mulleres en diversos ámbitos, como por exemplo nas tarefas domésticas e de cuidados, as desigualdades no ámbito laboral, na escolla de estudos e vocacións, no ámbito científico e tecnolóxico, etc.
- b) A adecuación da mensaxe ao que representa o Día Internacional da Muller e á coherencia da mensaxe coa imaxe gráfica do cartel.
- c) A calidade da técnica e plástica, a orixinalidade e a creatividade do cartel.
- d) A participación activa do alumnado.

7. Xurado

7.1 Para o ditame dos premios establecerase un xurado formado por:

- Presidencia: persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, ou persoa en quen delegue
- Vicepresidencia: persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue
- Vogalías: todas as persoas integrantes da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista; a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade e a xefa servizo de Programación, Cooperación Institucional e Planificación da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade
- Secretaría: unha funcionaria/o da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, que actuará con voz pero sen voto.



7.2 Para asegurar a máxima imparcialidade, o xurado non coñecerá a identidade das persoas e centros educativos participantes no concurso. A Dirección Xeral de Promoción Igualdade fará chegar os carteis ao xurado e custodiará a documentación que identifique o centro e as persoas autoras das obras ata que se resolva o concurso.

7.3 Para que o xurado se constituía e poida celebrar as sesións correspondentes precisárase quórum da maioría das persoas que o integran.

7.4 Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas asistentes e en caso de empate decidirá o voto da presidencia.

7.5 O ditame do xurado será inapelable, tendo ademais as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento, así como de declaralo deserto, de ser o caso.

7.6 O xurado valorará a orixinalidade, calidade do deseño, así como a transmisión dunha mensaxe clara de fomento dos valores de igualdade entre homes e mulleres e elixirá entre todos os carteis presentados os carteis gañadores.

8. Premios

8.1. Concederanse dous premios por cada categoría.

8.2. Os premios consistirán nun cheque regalo para investir no comercio local en material didáctico, deportivo ou tecnolóxico, para cada un dos alumnos e alumnas integrantes do equipo gañador, valorado en 100€ e en 50€ respectivamente para o primeiro e segundo premio, así como nun lote de libros para o centro.

8.3. O xurado poderá conceder premios compartidos, accésit ou declarar o premio deserto.

9. Entrega de premios

9.1 O xurado recoñecerá o valor dos carteis finalistas, do alumnado e do profesorado encargado de supervisar e titorizar o seu traballo, nun acto público onde se fará entrega do primeiro e segundo premio para cada unha das categorías.

9.2 O lugar, a data e a hora comunicarase ao profesorado participante dos centros educativos que obteñan algún dos premios e faranse públicos na páxina web de igualdade e no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.



10. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra e incondicional destas bases.

11. Cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición

11.1 A participación neste concurso leva implícita a cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición dos carteis premiados, así como o dereito a retirar todos os demais que non resultaron premiados.

11.2 O deseño premiado será susceptible de ser o cartel institucional conmemorativo do Día Internacional da Muller, podendo ser tamén utilizado en calquera outro evento ou publicación, facendo constar sempre a orixe do traballo, polo que a Xunta de Galicia resérvase a facultade de inserir os logos que sexan necesarios, así como de realizar calquera tipo de modificación ou variación dos elementos do deseño gráfico.

11.3 En todo caso, sempre que se utilice algún dos carteis premiados cos fins previstos nestas bases, nel figurará o nome do centro educativo que o elaborou.

11.4 Os centros participantes serán os responsables últimos de garantir o pleno respecto da normativa vixente en materia de protección de datos persoais do alumnado menor de idade que participe ou se vexa exposto nos produtos presentados a este concurso. Garantirase que a reprodución da imaxe de menores estará sempre autorizada con anterioridade conforme á normativa.

11.5 En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade. Edificio Administrativo San Lázaro, s/nº 15781 Santiago de Compostela, ou no enderezo de correo electrónico igualdade@xunta.gal.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa	Directora xeral de Promoción da Igualdade
Judith Fernández Novoa	María Quintiana Pérez



ANEXO I
INFORMACIÓN OBRIGATORIA PARA ACOMPAÑAR AO TRABALLO

Categoría na que participa:

Nome e apelidos do alumnado autor:

Etaapa educativa e curso escolar:

Profesorado que titorizou a obra:

Nome do centro, enderezo completo, teléfono e correo electrónico:

Persoa de contacto, teléfono e correo electrónico:

Lema e memoria breve que explique o significado do traballo:

